



ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS 2019

 **Concello de Bergondo**

 **@ConBergondo**

www.bergondo.es

Por terceiro ano o Concello de Bergondo contará cuns orzamentos participativos. Con esta ferramenta buscamos dotar á veciñanza de voz e voto na elaboración dos presupostos para 2019.

O fin é recoller as vosas ideas para a actuación do Concello. Nesta ocasión o investimento estará repartido por todo o municipio xa que se adicarán 10.000 euros para cada parroquia, sumando así 90.000 euros en total. Polo tanto, as propostas que superen ese importe non poderán entrar no proceso de votación que este ano, como novidade, se fará presencialmente a través de urnas.

QUE PROPOÑER?

- ▶ Obras necesarias para a túa parroquia.
- ▶ Actuacións cun límite orzamentario de 10.000 euros.
- ▶ Novas iniciativas a desenvolver polo Concello.

COMO PARTICIPAR?

- ▶ Cubre o formulario do anverso e entrégao nos buzóns habilitados nos centros sociais ou a través do correo electrónico correo@bergondo.gal.
- ▶ Haberá reunións informativas nos centros sociais.

COMO VOTAR?

- ▶ A través das urnas que se instalarán en Secretaría de Alcaldía e na Senra.
- ▶ É imprescindible presentar o DNI (ou fotocopia).
- ▶ Pódese delegar o voto cedendo o teu DNI á persona que o deposite na urna.

O Concello de Bergondo impulsa os orzamentos participativos dentro dun conxunto de accións encamiñadas a dotar á nosa xestión de cada vez de maior transparencia, facilitando á súa vez aos veciños a oportunidade de expresar as súas inquedanzas e participar no devir do seu pobo.

Contamos contigo e coas túas achegas para deseñar xuntos o mellor futuro para Bergondo. Súmate. Fainos chegar as necesidades que ves. Bergondo contigo, é mellor.

O concelleiro de participación veciñal, Juan A. Fariña Pedreira
A alcaldesa, Alejandra Pérez Máquez

REUNIÓN S VECIÑAIS

▶ C.S. Guísamo	19 outubro	18:00 h.
▶ C.S. Sta. Marta de Babío	19 outubro	19:30 h.
▶ C.S. Fiobre (Moruxo)	20 outubro	10:30 h.
▶ Casa da Cultura	20 outubro	12:00 h.
▶ C.S. Vixoi	24 outubro	18:00 h.
▶ C.S. Cortiñán	24 outubro	19:30 h.
▶ C.S. de Lubre	26 outubro	18:00 h.
▶ C.S. de Ouces	26 outubro	19:30 h.

PROPOSTAS

- ▶ Recepción ata o mércores 31 de outubro.
- ▶ O luns 5 de novembro publicaranse na web municipal as propostas viables.

PERÍODO DE VOTACIÓN S

- ▶ O 7 e o 8 de novembro nas urnas de secretaría de Alcaldía (10:00-14:00 horas) e na Senra (16:30 a 21:15 horas).

Formulario de orzamentos participativos

Nome e apelidos: _____ Idade: _____

Parroquia: _____ Correo: _____ Tfno.: _____

Representa a un colectivo? Non Si (Indica a cal) _____

Tipo de proposta (marcar a que proceda)*: Investimento Demanda de mantemento

***Investimento:** proxectos de mellora ou creación de infraestruturas ou adquisición de bens que perduren no tempo

Demanda de mantemento: actuacións relativas ao mantemento xeral, como pequenos arranxos ou reparacións. Serán tidas en conta sen incluírse no proceso de votación.

Título da proposta:

Descrición da proposta:

De acordo co disposto no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal, informámoslle que os datos persoais facilitados se incorporan e manteñen en ficheiros titularidade do Concello, coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, podendo ser cedidos só nos casos previstos na Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, na medida que a Lei o permita, dos seus datos, comunicándoo por escrito ao Concello, achegando copia de documento que acredite a súa identidade.

